

PROCEDEMENTO: CT207B – Desenvolvemento de proxectos audiovisuais individuais
NÚM. EXPEDIENTE: CT207H/2022/28
ASUNTO: Corrección de erros materiais da Resolución de Inadmisión do 13 de outubro de 2022

Feitos:

1. En data 17 de agosto de 2022, DOG núm. 115, publicouse a Resolución do 21 de xullo de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas para o desenvolvemento de proxectos audiovisuais individuais, ao abeiro do programa Hub da Industria creativa galega, financiadas 100% polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder) dentro do eixe REACT-UE do programa operativo Feder Galicia 2014 – 2020 como parte da resposta da Unión Europea á pandemia da COVID-19, e se procede á súa convocatoria para a anualidade 2022 (código de procedemento CT207B).
2. O día 19 de setembro de 2022, a entidade MARIUSKA PRODUCCIONES, SL, con NIF B36486140, presenta unha solicitude para o proxecto: "2035 INVERNO"
3. En data 13 de outubro o Presidente do Consello do Consello Reitor da Agadic dita resolución de inadmisión relacionándose no Anexo I.
4. No dito Anexo I o nome do proxecto de MARIUSKA PRODUCCIONES, SL., no expediente número CT207B/2022/30, aparece como "FRANK SOUTELO, INVESTIGADOR PRIVADO", cando debería aparecer "2035 INVERNO"

Consideracións Legais e Técnicas:

1. O artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións, establece que a Administración poderá corrixir os erros materiais e aritméticos en calquera momento.
2. A Disposición derradeira primeira das Bases reguladoras da convocatoria faculta ao director da Axencia Galega das Industrias Culturais para que leve a cabo as actuacións que sexan precisas para o desenvolvemento e aplicación desta resolución, polo que é competente para a corrección de erros materiais.
3. Para dar exactitude ao contido da resolución.



RESOLVO:**Corrixir o seguinte parágrafo no Anexo I da resolución:**

Onde di:

CT207B/ 2022/30	MATRIUSKA PRODUCCIONES, SL	B36486140	FRANK SOUTELO, INVESTIGADOR PRIVADO	Artigo 3.1 da Convocatoria e artigo 10.1 das Bases reguladoras
--------------------	----------------------------	-----------	--	--

Debe dicir:

CT207B/ 2022/30	MATRIUSKA PRODUCCIONES, SL	B36486140	2035 INVERNO	Artigo 3.1 da Convocatoria e artigo 10.1 das Bases reguladoras
--------------------	----------------------------	-----------	--------------	--

Contra esta resolución non cabe recurso.

Santiago de Compostela, data da sinatura dixital
O director da Axencia Galega das Industrias Culturais
Jacobo Sutil Nesta

